



# Programación Xeral Anual 2023/2024

CEIP PLURILINGÜE JOSÉ CORNIDE SAAVEDRA  
A CORUÑA

15023375

## ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. O CENTRO ESCOLAR
3. OBXECTIVOS DO CENTRO
4. CONCRECIÓN, MODIFICACIÓNS ANUAIS DO PE
5. TAREFAS EXTRAESCOLARES: PAUTAS E CRITERIOS
6. ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEAE: ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS
7. ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA DO CENTRO
  - Órganos de goberno e participación
  - Órganos de coordinación docente
8. PLANOS DE ACTUACIÓN
  - Equipo directivo
  - Claustro
  - Departamento de Orientación
9. XORNADA ESCOLAR, QUENDAS E HORARIOS DO CENTRO.
10. PROGRAMACIÓNS E CALENDARIOS
  - Órganos de goberno e participación
  - Órganos de coordinación docente
11. PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO EN PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA.
12. PLANO DE POTENCIACIÓN DA LINGUA GALEGA
13. LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO.
14. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.
15. PLAN DE BIBLIOTECA (PLAMBE)
16. PLANO DE AUTOPROTECCIÓN
17. PLANO PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA

## 18. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

Comedor

Madrugadores

## 19. INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTO DO CENTRO

## 20. PLANO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES PROPOSTAS POLA ANPA

## 21. PLANO DE AVALIACIÓN

## 22. PLANO DE INTEGRACIÓN DAS TIC

## 23. PROXECTO LECTOR DE CENTRO

## 24. ANEXOS

Anexo I - Calendario de reunións dos órganos de goberno e coordinación docente

Anexo II - Quendas de recreo, gardas, atención ao alumnado e permanencia

Anexo III – Horarios profesorado

Anexo IV – Horarios grupos

Anexo V – Horario uso biblioteca, comedor, ximnasio/pavillón IES Sardiñeira

Anexo VI – Libros de texto

Anexo VII – Addenda ao Proxecto Lingüístico

Anexo VIII – Plan Anual de Lectura

Anexo IX – Concreción Anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade

Anexo X – Plan de actividades físicas e hábitos saudables.

Anexo XI – Plan Dixital de Centro

## 24. PRESENTACIÓN, AVALIACIÓN, APROBACIÓN E REMISIÓN DA PX.

## 1. INTRODUCCIÓN

Esta Programación Xeral Anual é o documento no que se presenta o proxecto de actuación da comunidade educativa do CEIP Plurilingüe José Cornide Saavedra de A Coruña para o curso 2023-24, no que se establece a súa organización e se fixan os obxectivos a acadar neste curso. Fundaméntase nos seguintes documentos básicos:

- O actual marco legal recollido no Decreto 374/1.996 do 17 de outubro e na Orde do 22 de xullo de 1.997.
- ORDE de 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei Orgánica 3/2020 , de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria en Galicia
- Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria en Galicia e se regula a avaliación nesta etapa educativa.
- DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24.
- Memoria Final do curso 2022/23.

## 2. O CENTRO ESCOLAR

### Datos identificativos

Nome/ Código:	C.E.I.P. Plurilingüe José Cornide Saavedra - 15023375
Enderezo:	Avda. Sardiñeira, 42 CP. 15008 – A Coruña
C.I.F.:	Q 6555446 A

Teléfono/ Fax:	981 24 87 96
Creación:	Modificación antigo Colexio EXB, construído no ano 1982
Nº unidades.	5 + 3 (habilitadas provisionalmente este curso)
Correo electrónico:	ceip.cornide.saavedra@edu.xunta.gal
Páxina web:	<a href="https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcornidesaavedra/">https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcornidesaavedra/</a>

## Situación e contorno

O C.E.I.P. Plurilingüe José Cornide Saavedra é un colexio público situado na Avenida da Sardiñeira, no barrio dos Mallos, na cidade da Coruña.

É un centro singular, pois está nun contorno urbano escolarizando oitenta e dous alumnos/as desde 4º de educación infantil ata 6º de educación primaria. Ata o curso pasado só tiña cinco unidades (2 de infantil e 3 de primaria), todas elas mixtas, limitadas polos problemas de espazo que temos, xa que só dispoñemos de 5 aulas. Neste curso 2023/2024, dende inspección educativa, habilitáronse 3 unidades provisionais máis de primaria debido ao exceso de ratio de alumnado pero que seguen a compartir a mesma aula. Polo tanto, as unidades do centro quedan do seguinte xeito:

1 aula mixta de infantil: 4º educación infantil + 5º educación infantil B

1 aula mixta de infantil: 5º educación infantil A + 6º educación infantil.

1 aula compartida: 1 grupo de 1º educación primaria e 1 grupo de 2º educación primaria

1 aula compartida: 1 grupo de 3º educación primaria e 1 grupo de 4º educación primaria

1 aula compartida: 1 grupo de 5º educación primaria e 1 grupo de 6º educación primaria

Ocupamos un edificio que foi construído como pavillón de infantil e ten seis aulas das que cinco funcionan como tales, sendo a sexta a biblioteca escolar (este colexio ten un proxecto de Biblioteca escolar desde o ano 2004 e participa no Plan de Mellora das Bibliotecas Escolares desde a súa primeira convocatoria).

Esta situación condiciona a dinámica do centro, en aspectos negativos como a precariedade de espazos, máis tamén incide directamente nun proxecto educativo que ten como eixo fundamental as relacións entre o alumnado, as actuacións conxuntas de todos, a implicación duns alumnos/as nas actividades doutros e, en definitiva coida e estimula as relacións humanas dentro do conxunto da comunidade escolar, na que por suposto tamén incluimos ás familias.

## Alumnado e niveis educativos

No curso actual están matriculados un total de 84 alumnos/as, repartidos en 9 niveis educativos e 5 aulas físicas e 8 titorías, dende 4º de Educación Infantil ata 6º de Educación Primaria. A media de alumnos/as por aula é de 20 en Primaria e 12 en Infantil.


O claustro do centro, seguindo os criterios expresados polos titores/as e os membros do departamento de orientación do centro, decidiu realizar os agrupamentos en aulas mixtas atendendo os seguintes criterios:

- Procurar a mellor atención ás necesidades do alumnado.
- Procurar a homoxeneidade, integración e o equilibrio en número na configuración dos grupos.
- Optimizar os recursos docentes do centro.

## Agrupamentos e titorías

No presente curso o centro organízase en 2 grupos mixtos e 6 grupos simples que comparten 3 aulas e que acollen a alumnado que cursa dous niveis distintos, segundo se recolle na táboa seguinte.

Aula	Curso	Alumnado	Titoría
1	4º/5º E.I. Mixto (3+4 anos)	10 ( 6+4)	Belén Ojea González
2	5º/6º E.I. Mixto (4+5 anos)	14 ( 4+10 )	María Serrano Paz
3	1º E.P.	10	Jessica Miranda Saburido
	2º E.P.	10	Ana María Cordal Cebreiro
4	3º E.P.	10	Carlos Vázquez Oliveira
	4º E.P.	10	Enrique Cerredelo García
5	5º E.P.	9	Mª Luisa Carballeira González
	6º E.P.	11	Silvia López Oviedo



O criterio de reparto do alumnado de 5º Educación Infantil (4 anos) entre as dúas aulas de infantil, é por data de nacemento, pois é o máis obxectivo. Fanse dous grupos segundo o mes de nacemento, os máis novos incorpóranse ao grupo de 3 anos e os outros ao grupo de 5 anos.

## Catálogo

Os postos de traballo cos que conta o centro no presente curso son os seguintes:

POSTOS DE TRABALLO:

E. Infantil: 2

E. Primaria: 4

Filoloxía Inglesa: 1

Filoloxía Francesa: 1

E. Física: 1

E. Musical: 1

Pedagogía Terapéutica: 1

Audición e Linguaxe: 0 (1 praza provisional e compartida co CEIP Rosalía de Castro)

Orientación: 0 (1 praza definitiva e compartida co CEIP Rosalía de Castro)

Relixión: 0 (1 praza definitiva e compartida co CEIP Labaca)

ATE:1

Dirección: 1 praza en Comisión de Servizos.

TOTAL MESTRES: 12 + 3 compartidas que pertencen ao Claustro dos outros centros.

En outubro incorporárase 1 mestres de PT procedente do Plan Recupera dos Contratos-Programa:

- PROA+: 1 a tempo parcial dende o 04 de outubro de 2023 ata o 14 de xuño de 2024

### 3. OBXECTIVOS DO CENTRO

#### Obxectivos xerais

- Fomentar actividades que desenvolvan as competencias clave como eixo do currículo e os elementos transversais.
- Potenciar as actividades de prevención das dificultades na aprendizaxe das competencias clave.
- Potenciar o emprego dos medios dixitais na práctica educativa.
- Implementar o Plan de Actividades Físicas e Hábitos Saudables e actualizar os documentos de centro.
- Implantar o novo currículo LOMLOE nas etapas que corresponde (2º, 4º e 6º primaria)

#### Obxectivos específicos

##### *ORIENTADOS Á PREVENCIÓN E Á ATENCIÓN DA DIVERSIDADE.*

Continuarase a traballar na prevención das dificultades na aprendizaxe da lectura e a escritura. A observación das titoras/es e especialistas sobre a evolución do alumnado orientarán aquelas actuacións de atención e reforzo.

Os obxectivos encamiñados á atención da diversidade están especificados na Programación do Departamento de Orientación (ver punto 6) seguindo o actual Decreto 229/2011 polo que se regula a atención á diversidade e a Orde do 8 de setembro de 2021.

##### *ORIENTADOS Á DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA.*

Os obxectivos encamiñados á dinamización lingüística están recollidos no actual Plano de Normalización, integrado no Proxecto Educativo. Basearase na mesma temática na que se centralizarán todas as actividades do centro promovidas polos equipos: "**O rato Cornide polo mundo**". Este será o eixo principal sobre o que versarán as actividades complementarias que se propoñan desde a escola.

##### *ORIENTADOS A UNHA ENSINANZA DE CALIDADE E A MELLORA DE COMPETENCIAS BÁSICAS DO ALUMNADO.*

a) *estimulación da linguaxe oral e escrita*



- Formar a linguaxe oral e escrita do noso alumnado nos primeiros anos da escolaridade (Educación Infantil e 1º e 2º de Primaria).
- Prever, estimular e intervir no desenvolvemento da linguaxe.
- Ampliar o vocabulario, estimulando tanto a creatividade como a súa capacidade de escoitar e expresión.

*b) fomento da lectura, formación de usuarios e educación no acceso á información.*

Encadramos neste obxectivo todas as actividades relacionadas coa Técnica lectora e a Animación á Lectura dentro das distintas programacións, así como na do Plambe, no Proxecto Lector e na do Plan Dixital.

- Fomentar entre o alumnado o gusto pola lectura e o desexo de ler.
- Adquirir unha lectura eficaz.
- Fomentar nos alumnos habilidades documentais.
- Introducir os alumnos nas tecnoloxías da información e da comunicación (TICs).

*c) desenvolvemento das competencias básicas e competencias clave*

No centro continuarase a traballar no fomento das diferentes competencias na educación infantil e primaria, prestando especial atención á competencia matemática e a comprensión lectora , a través das distintas áreas e materias para intentar acadar que o alumnado sexa o máis competente posible.

*d) desenvolvemento das capacidades artísticas e a creatividade.*

Deseñaranse actividades enriquecedoras do proceso ensinanza - aprendizaxe do alumnado baixo a supervisión do Claustro, ben organizadas polo mesmo Centro (audicións musicais, audiovisuais, decoración do Colexio, dramatizacións e actuacións musicais..); ben en colaboración coa ANPA, Concello ou outros grupos/entidades (obradoiros, visitas e actuacións dramático – musicais, etc., de poder celebrarse, tendo en conta as circunstancias especiais do presente curso académico).

*e) potenciación das TIC's*

Cada titoría continuará utilizando de forma sistemática os medios informáticos cos que conta o Centro, favorecendo actividades que se programen a tal fin, organizando o tempo e os espazos.

Desta forma, as aulas dispoñen de paneis interactivos. A biblioteca, dentro do proxecto do PLAMBE, conta cun espazo dixital con ordenadores, tablets e robots; material que seguirá a estar

a disposición de todos para que, na medida do posible, poder ampliar o uso das novas tecnoloxías no proxecto educativo do Centro e na vida cotiá do alumnado. O profesorado do Centro segue a ter á súa disposición o blogue da biblioteca escolar (Pasa páxina), a Páxina web do centro coas súas Aulas Virtuais. Dende o curso 2021/2022 está implantado o Programa Edixgal para o alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria que dispoñen dun ordenador portátil con acceso a EVA. Dispoñemos dunha aula móbil de informática integrada por 12 ordenadores portátiles (do Programa *Educa en Digital*) para poder ser empregados nas aulas por parte do alumnado.

Continuarase coa implantación das accións do Plan Dixital deste curso.

*f) desenvolvemento de temas transversais.*

Diversas actividades coordinadas polo Claustro servirán para o traballo dos contidos transversais (O Magosto, Día da Paz, Día do Medio ambiente, etc., con formato directamente dependente das posibilidades espazo-interactivas de celebración); así mesmo, e como nos cursos pasados, estableceuse a principio de curso en Claustro unha temática a traballar por todo o centro: "**O rato Cornide polo mundo**". Trátase dun Proxecto Documento Integrado no que partindo da Biblioteca se engloba o traballo de toda a Comunidade Educativa.

### **ORIENTADOS Á MELLORA DAS RELACIÓNS FAMILIA - ESCOLA.**

O obxectivo fundamental é producir unhas canles de comunicación e relación axeitadas entre as familias e o centro escolar. A través das comunicacións dos titores/as cos pais/nais unha vez ao trimestre, as entrevistas particulares de cada un dos pais co titor/a así como a animación ás familias a colaborar nos proxectos do centro e nas celebracións que realicemos durante o curso, tales como Magosto, Entroido, Fin de curso, etc...

Utilizarase a aplicación Abalarmóbil para a comunicación coas familias, xa que ademais de servir para enviar informacións e avisos tamén se emprega para comunicacións de faltas, dispoñendo as familias da opción de solicitar as citas de titoría e xustificar as faltas do alumnado.

Proseguirá neste curso a colaboración do equipo directivo coa ANPA nas actividades complementarias e extraescolares, así como naquelas tarefas que así o requiran.

### **OUTROS OBXECTIVOS**

- Mellorar a relación do centro co seu barrio, a través da realización de actividades, dentro e fóra do centro, que favorezan o coñecemento e o diálogo entre o colexio e o barrio. A relación co barrio

refórzase pola iniciativa das familias en traer ao Colexio a realidade social, veciñal e asociativa do barrio (Contos en infantil, charlas para os/as nenos/as por parte das familias, etc...)

- Mellorar a eficiencia no aproveitamento do espazo: dado que somos un centro peculiar en canto a instalacións, ano tras ano imos mellorando o aproveitamento destes; ben mellorando o uso que se fai dos espazos, como a adaptación do patio de cortiza de infantil, que serve para facer actividades de psicomotricidade ou música; a mellora de espazos existentes para novas actividades, como a constante mellora do vestíbulo para acoller actividades diferentes, coma os contos dos venres, espazo de laboratorio, actividades de dramatización en inglés, etc...

#### **4.CONCRECIÓN E MODIFICACIÓNS ANUAIS DO PE**

Como en cursos anteriores continuarase a revisar e actualizar os distintos documentos que conforman o PE, adaptándoo ás novidades lexislativas.

Como recolle o PE do centro, as modificacións que haxa que realizar no PE han de ser realizadas polo Consello Escolar a proposta dalgún dos seus membros, previamente informada a Comunidade Educativa. O procedemento ordinario para modificar o PE é o seguinte:

- Calquera membro da comunidade educativa, de xeito individual ou colectivo, poderá presentar iniciativas de modificación perante o órgano colexiado ou representante no consello escolar.
- Cada sector da comunidade educativa estudará e informará as iniciativas presentadas e as elevará a propostas de modificación.
- Todas as iniciativas e propostas de modificacións han de ser entregadas e rexistradas na dirección do centro.
- O Consello Escolar será quen estude as propostas presentadas e resolverá realizar ou non a modificación no PE.

Esta dirección propón que ao longo do curso, e baixo a coordinación do Claustro, se informe ao Consello Escolar das propostas de modificación.

## 5. TAREFAS EXTRAESCOLARES: PAUTAS E CRITERIOS.

Segundo a disposición adicional cuarta do Decreto 155/2022, do 15 de setembro; a realización de tarefas extraescolares propóranse de xeito que entronque co adecuado desenvolvemento das competencias clave do alumnado segundo os seus distintos procesos e ritmos de aprendizaxe, atendendo a un principio de progresividade ao longo da etapa educativa, o respecto ao tempo de lecer, á conciliación da vida familiar e escolar e a responsabilidade do alumno na realización do seu traballo.

Tendo en conta estas pautas o Claustro do CEIP Plurilingüe José Cornide Saavedra como órgano educativo decide seguir as seguintes pautas:

- Todos os alumnos/as presentan necesidades educativas que van das máis simples ás máis específicas polo que a necesidade de completar as aprendizaxes que se realizan na escola tórnase primordial para poder lograr unha aprendizaxe significativa e construtiva, posto que os grupos cos que nos atopamos nas aulas son moi heteroxéneos. Debido a isto en moitas ocasións consideramos oportuno e adecuado que continúen asentando na casa os contidos aprendidos na escola.
- As tarefas que se levan do centro en ningún caso son "obrigacións" senón recomendacións e consellos para completar as ensinanzas que se reciben no colexio e que, debido a escaseza de tempo para traballar as diferentes materias, permita unha axeitada consecución das competencias clave.
- Como figura recollida no documento de propostas metodolóxicas integrado no Proxecto educativo de Centro, nos cursos de Educación Primaria acórdase recomendar unhas tarefas para realizar na casa que, como referencia, non deben ocupar máis de 10 minutos no primeiro curso de primaria, 20 no segundo, 30 no terceiro e así progresivamente.

Porén, tendo en conta isto, a responsabilidade final de seguir as recomendacións e consellos de traballo que desde a escola se presentan é das familias, sendo as tarefas e actividades propostas "necesarias e precisas" mais en ningún caso "obrigatorias".

## 6. ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEAE: ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS.

Ponse de manifesto a necesidade de dar unha resposta inmediata a toda a diversidade do alumnado en canto sexa detectada, tanto nos resultados académicos como pola observación dos

titores, outros mestres ou as familias. Esta intervención realizarase desde os principios de: normalización, compensación, igualdade, equidade, integración e inclusión.

Por iso, a detección do alumnado que presenta necesidades específicas de apoio educativo realizarase o máis cedo posible coa finalidade de previr desaxustes nas súas aprendizaxes e adoptar, canto antes, as medidas educativas axeitadas. Por iso, como recolle o Plano de Acción Titorial do noso centro, o titor/a debe exercer unha función fundamental posto que posúe os documentos precisos para realizar una actividade orientadora e titorial co seu grupo de alumnos/as.

Alén diso, a atención dos alumnos/as con N.E.A.E. levarase a cabo en coordinación cos Equipos Docentes do Centro e co Departamento de Orientación. Ademais, manterase relación ao longo do curso coas familias, tratando todos aqueles aspectos que afecten directamente aos alumnos/as con N.E.A.E.

As medidas educativas que se prevén no centro para atender ao alumnado con NEAE e, polo tanto, a toda a súa diversidade durante o curso 2023-24, consénsúanse no Departamento de Orientación, que realizará o seu seguimento así como a súa avaliación. Todas estas medidas recóllense no Plano Xeral de Atención á Diversidade, atendendo ao actual Decreto 229/2011 que regula a atención á diversidade e a Orde do 8 de setembro de 2021. Porén, a intervención educativa deseñarase en función do tipo de necesidades que presenten os/as nenos/as e da necesidade de realizar medidas de carácter ordinario, tendo en conta que o obxectivo que se persegue é o desenvolvemento e a formación integral do alumnado.

## 7. ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA DO CENTRO

A organización, órganos de goberno e coordinación (e as súas atribucións); así como o funcionamento do Centro aparecen contemplados no N.O.F. (Decreto 374/ 1996).

Coa implantación da LOMLOE, volven a aparecer os ciclos na educación primaria.

Coa habilitación provisional de 3 unidades máis de primaria, houbo que facer un cambio na organización do centro.

As funcións da comisión de coordinación pedagóxica, equipo de normalización lingüística e equipo de actividades complementarias e extraescolares xa non serán asumidas polo claustro senón que se constituirán os distintos equipos cos seus coordinadores.

## ÓRGANOS DE GOBERNO E PARTICIPACIÓN

### Equipo Directivo

A Dirección do Centro foi nomeada pola Delegación de Educación dende o 1 de xullo de 2021 ata o 30 de xuño de 2025.

Co aumento de unidades neste curso, nomeouse unha secretaria e un xefe de estudos no centro dende o 1 de setembro de 2023.

O Equipo Directivo é o seguinte:

Directora: Patricia Graña Candal

Secretaria: María Mareque Martínez

Xefe de Estudos: Enrique Cerredelo García

Este curso académico, o Equipo Directivo terá o seguinte horario para as súas funcións:

- Directora: 10 sesións de dedicación á Dirección.
- Secretaria: 4 sesións de dedicación á Secretaría.
- Xefe de estudos: 4 sesións de dedicación á Xefatura.

As competencias do Equipo Directivo son as establecidas no Decreto 374/1996 do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico das Escolas de Educación Infantil e dos Colexios de Educación Primaria no seu Título II, capítulo II, artigo 14.2 : " *Nos centros con oito ou máis unidades, habrá director, secretario e xefe de estudios*"

### Consello Escolar

Como se recolle no Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (Decreto 374/1996, do 17 de outubro. DOG 21-10-96. Corrección de erros DOG 06-11-96 e DOG 08-01-97), a nova composición atenderá ao recollido no Capítulo III: " *Órganos colexiados de goberno, composición e atribucións deles*"

*O consello escolar.*

*2. Centros de oito ou máis unidades.*

*a) A directora, que será a súa presidenta.*

*b) O xefe de estudos.*

*b) Un concelleiro ou representante do concello do municipio no que estea situado o centro.*

*c) Cinco mestres/as elixidos polo claustro.*

*d) Catro representantes dos pais e nais de alumnos/as e un representante da ANPA.”*

*e) A secretaria do centro, que actuará como secretaria do consello, con voz, pero sen voto.*

A modificación de unidades neste curso tamén supón unha modificación na composición do Consello Escolar que se fará efectiva cando se celebren as Eleccións (será o vindeiro curso se a situación en canto a número de unidades continúa igual), mentres tanto o consello escolar seguirá funcionando coa estrutura que tiñamos de cursos anteriores.

### **COMPOSICIÓN A 9 DE OUTUBRO DE 2023**

Presidenta:	Patricia Graña Candal
Secretaria:	María Mareque Martínez
Representantes do Profesorado:	Carlos Vázquez Oliveira Ana M <sup>a</sup> Cordal Cebreiro María Serrano Paz
Representante das familias:	Dalila Coto Conde M <sup>a</sup> Mercedes Álvarez Llano
Representante nomeada pola A.N.P.A:	Nekane Zoco Gómez
Representante nomeado polo Concello:	José Carlos Ruibal Salgado

O Consello Escolar reunirase preceptivamente unha vez por trimestre, e sempre que se considere preciso.

### **Comisións.**

#### **Comisión Económica:**

Presidenta:	Patricia Graña Candal
-------------	-----------------------

Secretaria:	María Mareque Martínez
Representante profesorado:	Carlos Vázquez Oliveira
Representante pais/nais:	Nekane Zoco Gómez

A Comisión Económica reunirase nas mesmas datas que o Consello Escolar de forma previa, para tratar temas de tipo económico, e sempre que se considere preciso.

### Comisión de Convivencia

Dada a composición e o catálogo deste colexio a Comisión de Convivencia estará integrada por os mesmos membros que compoñen o Consello Escolar.

Reunirase, polo menos, unha vez ao trimestre para analizar as incidencias producidas, as actuacións realizadas e os resultados conseguidos. Ao longo do curso estará en contacto permanente coa Coordinadora de benestar e convivencia (Silvia López Oviedo) que foi nomeada este curso segundo a Orde do 23 de agosto de 2023.

A Comisión de Convivencia elaborará, ao rematar cada curso escolar, a correspondente memoria do Plan de Convivencia do centro, de acordo cos datos e coas conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias.

### ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

Ata o curso 2022/2023 e seguindo o recollido no Título III , Artigo 53.2 , do Decreto 374/96 do 17 de outubro , o claustro asumía as funcións da comisión de coordinación pedagóxica (CCP), equipo de dinamización e normalización lingüística (EDNL) e equipo de actividades complementarias e extraescolares (EACE).

Atendendo ao recollido no Título III , Artigo 53.1 , do Decreto 374/96 do 17 de outubro, nas escolas de educación infantil e nos colexios de educación primaria con seis ou máis unidades existirán os seguintes órganos de coordinación docente:

- a) Equipos de ciclo.
- b) Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- c) Equipo de normalización lingüística.



d) Equipo de actividades complementarias e extraescolares.

## A) Equipos de Ciclo

### EDUCACIÓN INFANTIL

Belén Ojea González	4º/5º EI	P. Provisional
María de la Barca Serrano Paz	5º/6º EI	P. Def (Coordinadora)

O Centro conta con dous mestres de educación infantil que son os titores dos dous grupos que xunto co especialista de Pedagogía Terapéutica (Víctor Alberto Mata Rial), conforman o equipo do ciclo de Ed. Infantil.

No ciclo imparten tamén docencia os mestres especialistas:

María Mareque Martínez	EF	P. Definitivo
Silvia López Oviedo	Música	P. Definitivo
Verónica González Rodríguez	Inglés	P. Provisional
Mª Begoña Pena Martínez	Relixión Cat.	P. Compartido

### **ADAPTACIÓN DO ALUMNADO DE 3 ANOS E DE NOVA INCORPORACIÓN**

O período de adaptación dos alumnos/as de 3 anos realizouse flexibilizando a xornada escolar destes alumnos segundo a Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24, e foi o seguinte:

- Os días 11, 12 e 13 de setembro, entrarán ás 11:00 e sairán ás 13:50.
- Os días 14 e 15 de setembro, entrarán ás 10:00 e sairán ás 13:50.
- A partires do día 18 de setembro, incorporaranse ao horario xeral de 09:00 a 13:50 horas.

Neste curso impartiranse as especialidades de Psicomotricidade, Inglés e Música ao alumnado de Ed. Infantil.

### **1º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

Jessica Miranda Saburido	1º EP	P. Provisional
Ana María Cordal Cebreiro	2º EP	P. Definitivo (Coordinadora)

As dúas titoras xunto coa directora do centro conforman o equipo do 1º ciclo de Educación Primaria.

No ciclo imparten tamén docencia os mestres especialistas:

María Mareque Martínez	EF	P. Definitivo
Silvia López Oviedo	Música	P. Definitivo
Verónica González Rodríguez	Inglés	P. Provisional (Red. Xorn)
Mª Begoña Pena Martínez	Relixión	P. Compartido
Denís Morán García	Plástica	P. Provisional (Red. Xorn)

### **2º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

Carlos Vázquez Oliveira	3º EP	P. Definitivo (Coordinador)
Enrique Cerredelo García	4º EP	P. Provisional

Os dous titores xunto cos especialistas de inglés conforman o equipo do 2º ciclo de Educación Primaria.

No ciclo imparten tamén docencia os mestres especialistas:

María Mareque Martínez	EF	P. Definitivo
Silvia López Oviedo	Música	P. Definitivo
Verónica González Rodríguez	Inglés	P. Provisional (Red. Xorn)
Mª Begoña Pena Martínez	Relixión	P. Compartido
Denís Morán García	Plástica	P. Provisional (Red. Xorn)

### **3º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

Mª Luisa Carballeira González	5º EP	P. Provisional
-------------------------------	-------	----------------



- |  |  |
|--|--|
| ➤ Víctor Alberto Mata Rial               | Pedagogía terapéutica  |
| ➤ M <sup>a</sup> Concepción Pájaro Vales | Pedagogía terapéutica-PROA+  |
| ➤ Verónica González Rodríguez (RX)       | Inglés EI e 1 <sup>o</sup> , 2 <sup>o</sup> , 3 <sup>o</sup> e 4 <sup>o</sup> EP |
| Denís Morán García (sust RX.)            | Inglés 5 <sup>o</sup> e 6 <sup>o</sup> EP / Plástica E.P.                        |

Compartidos con outros centros e que non pertencen a este Claustro:

- |                                 |  |
|---------------------------------|--|
| ➤ Indalecio Ramudo Andión       | Orientación (CEIP Rosalía de Castro)         |
| ➤ Ana M <sup>a</sup> Godoy Vega | Audición e Linguaxe (CEIP Rosalía de Castro) |
| ➤ Begoña Pena Martínez          | Relixión Católica (CEIP Labaca)              |

## Departamento de Orientación

Os membros do departamento de Orientación do centro son:

- |  |                                       |
|--|---------------------------------------|
| • Indalecio Ramudo Andión                | Orientador e xefe do DO (Compartido)  |
| • Víctor Alberto Mata Rial               | Pedagogía terapéutica (P. Definitivo) |
| • Ana M <sup>a</sup> Godoy Vega          | Audición e Linguaxe (Compartida)      |
| • M <sup>a</sup> Concepción Pájaro Vales | Pedagogía terapéutica (P. PROA+)      |
- Todos aqueles mestres convocados para tratar cuestións específicas.

As reunións serán:

- Semanais: para os membros do Departamento, os mércores cando sexa preciso, para favorecer a coordinación e aplicación das medidas de atención.
- Mensuais: para os membros do Departamento. Realizaranse todas aquelas reunións extraordinarias que se consideren precisas convocadas polo Orientador.

As actividades propostas por este Departamento estarán organizadas e coordinadas polo Claustro.

## C) Equipo de Dinamización da Lingua Galega

Estará formado polos seguintes docentes:

- |                               |  |
|-------------------------------|--|
| Jessica Miranda Saburido      | 1 <sup>o</sup> Educación Primaria (Coordinadora) |
| María de la Barca Serrano Paz | Educación Infantil                               |
| Enrique Ceredelo García       | 4 <sup>o</sup> Educación Primaria                |

#### D) Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares

Estará formado polos seguintes docentes:

Carlos Vázquez Oliveira	3º Educación Primaria (Coordinador)
Víctor Alberto Mata Rial	Pedagogía terapéutica
María Mareque Martínez	EF
Patricia Graña Candal	Dirección

#### E) Equipo de Biblioteca

Segundo as instrucións da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos en relación coa biblioteca escolar para o curso 2023/24, e coa intención de converter a biblioteca no motor que desenvolva os proxectos e actividades desenvoltas no centro, este equipo aglutinará as tarefas e propostas que desde os restantes equipos se lle acheguen, coordinando as súas accións con todos os equipos a través das reunións precisas que se realizarán conxuntamente.

Dentro deste equipo de Biblioteca terán un peso especial os encargados de levar a cabo o PLAMBE de centro:

Belén Ojea González	4º/5º Educación Infantil (Coordinadora)
Ana Cordal Cebreiro	1º/2º Educación Primaria
Verónica González Rodríguez	Inglés
Silvia López Oviedo	6º Educación Primaria / Música

Todas as actividades organizaranse a través do Claustro.

#### F) Equipo de dinamización do Plan Dixital

Segundo as instrucións da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (Resolución do 3 de setembro de 2021) en relación co deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital, os membros deste equipo serán os mesmos que no curso 2022/2023:

Patricia Graña Candal	Dirección (Coordinadora)
Carlos Vázquez Oliveira	3º Educación Primaria
Enrique Cerredelo García	4º Educación Primaria
Víctor Alberto Mata Rial:	Pedagogía terapéutica

## 8. PLANOS DE ACTUACIÓN

O Centro, así como o traballo do profesorado, organízase respectando a autonomía de cada mestre para levaren a cabo as súas programacións, actividades, gastos, responsabilizándose da necesaria coordinación o Claustro do centro.

### *Equipo Directivo.*

Coa intención de continuar coas liñas de traballo básicas desenvoltas nos cursos anteriores, e buscando atender todas aquelas demandas que se presenten desde a comunidade educativa, continuaremos coa revisión e actualización dos documentos de centro para a súa adaptación á lexislación vixente e ás necesidades do centro.

Alén dos labores administrativo – organizativos e de coordinación e dinamización das actividades programadas para este curso, o equipo directivo atenderá ás seguintes accións:

- Á elaboración e coordinación dos diferentes Proxectos e Documentos de centro.
- Á xestión do Programa de gratuidade solidaria de libros de texto e material para E.P.
- Á supervisión do Plano de Autoprotección.
- Á supervisión do uso do programa XADE-WEB para a xestión titorial.
- Á actualización do inventario polo XADE do Centro.
- Á coordinación, apoio e supervisión na posta en práctica do PLAMBE "***O rato Cornide polo mundo***".
- Á avaliación, en colaboración co Claustro, dos proxectos e acordos vixentes no noso Centro para a súa renovación ou cambio como o PLAMBE, Plan Proxecta, Contratos-Programa, Edixgal, Plurilingüismo, Proxecto de Formación Permanente do Profesorado...

- Á coordinación cos centros de Infantil, Primaria e Secundaria do Concello.
- Á continuación das xestións ante o Concello e a Xefatura Territorial para a mellora das infraestruturas do centro.
- Á potenciación das celebracións, segundo as posibilidades, das conmemoracións suxeridas no calendario escolar da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
- Á implementación do Plan de actividades físicas e hábitos saudables.
- Á concreción anual dos distintos plans de centro.

### ***Claustro.***

As accións previstas para este curso serán:

- Coordinar a execución e revisión dos documentos de centro.
- Establecer pautas de actuación para a coordinación docente nos distintos niveis educativos.
- Organizar as propostas da presente Programación e coordinar a realización das actividades organizadas polo Departamento de Orientación.

As diferentes Comisións estarán coordinadas polo Claustro e estarán formadas polos seguintes membros:

#### ***Comisión para avaliar o Plano de CONVIVENCIA e comisión de convivencia***

- Consello Escolar e Coordinadora de benestar e convivencia.

#### ***Comisión para realizar a actualización do PLAN DE IGUALDADE de Centro:***

- A directora.
- Ocasionalmente, outros membros do claustro que a comisión considere.

#### ***Comisión para realizar a actualización do PROXECTO LINGÜÍSTICO de Centro:***

- A directora e a coordinadora de biblioteca.
- Ocasionalmente, outros membros do claustro que a comisión considere.

#### ***Comisión para a actualización do Proxecto Lector, Plan Anual de lectura, Plan Dixital e Plan de actividades físicas e hábitos saudables:***

- Claustro.

### ***EQUIPOS DE MESTRES/AS DE PRIMARIA:***

As accións previstas para este curso implicarán:

- Adaptar o Currículo LOMLOE, nos cursos que corresponda, á realidade social do Centro.
- Manter actualizada a metodoloxía didáctica.
- Concretar nos respectivos niveis a realización de actividades aprobadas polo Centro.
- Continuar co coidado e conservación do Centro, contribuíndo á limpeza periódica e ao mantemento do patio e demais instalacións.
- Colaborar nas actividades que se programen relacionadas coas seguintes celebracións: Samaín, Magosto, Nadal, Día da Paz, Entroido, Día do Libro, Semana da Prensa, Letras Galegas, Día do Medio Ambiente e Fin de curso, cando as circunstancias o permitan.
- Colaborar, preparar e organizar as actividades de desenvolvemento dos distintos plans e proxectos que se desenrolen no centro.
- Participar nas conmemoracións marcadas no calendario escolar 2023/24 dentro dunha liña coordinada e coherente.
- Fomentar as relacións coas familias mediante reunións periódicas.

### ***DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN***

No curso actual a praza de orientación é compartida co CEIP Rosalía de Castro.

As accións a desenvolver polo Departamento de Orientación o presente curso lectivo 2023/2024 van encamiñadas a ofrecer unha resposta educativa axeitada ás características e necesidades desta comunidade educativa; isto é, ao alumnado, profesorado e familias, facendo especial fincapé na atención á diversidade.

As etapas educativas ás que vai dirixido o Plano de Orientación e a concreción anual do Plan de atención á diversidade son as de Educación Infantil e Educación Primaria. Preferentemente, as intervencións centraranse nas idades máis temperás como medida de prevención primaria.



## PROPOSTA DE PLANIFICACIÓN XERAL.

O Departamento de Orientación dará prioridade durante o curso lectivo 2023/2024 ao establecido pola lexislación vixente axustándose ás características e necesidades da comunidade educativa. As accións prioritarias deste Departamento de Orientación son as que seguen:

- Prevención de problemas de desenvolvemento e/ou dificultades de aprendizaxe.
- Atención a toda a diversidade, especialmente incidindo na prevención e identificación temperá de necesidades educativas específicas de apoio educativo.
- Revisión e, de ser o caso, modificación das medidas de apoio que está a recibir o alumnado que presenta necesidades.
- Asesoramento e colaboración no ámbito das competencias do Departamento de Orientación na elaboración do Proxecto Educativo e, de ser o caso, aqueloutros documentos do centro que o precisen.
- Asesoramento no desenvolvemento, avaliación e revisión do Plan de Acción Titorial, facendo fincapé na incorporación de contidos relacionados coas habilidades sociais, desenvolvemento da autoestima...Así como deseñar, dentro do Plan de Acción Titorial, programas e accións que incidan na procura dun clima de convivencia e de respecto entre as persoas.
- Revisión e desenvolvemento do Plan de Orientación e o Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro.
- Asesoramento, participación e colaboración coa Comisión de Convivencia e coa coordinadora de benestar e convivencia.
- Colaboración e coordinación co profesorado, especialmente co do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Colaboración coas familias e fomento da participación e implicación na educación dos seus fillos e fillas.
- Colaboración cos recursos externos.
- Emprego e difusión das tecnoloxías da información e da comunicación no campo da orientación e do asesoramento segundo o Plan Dixital de Centro.

No *anexo IX* recóllese a concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro.

## 9. XORNADA ESCOLAR, QUENDAS E HORARIOS DO CENTRO.

O noso calendario escolar baséase na a Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24, nos centros docentes sostidos con fondos públicos.

Así mesmo, ten moi presente a Orde de 23 de xuño de 2011 que regula a xornada de traballo do persoal docente.

O Consello Escolar aprobou a solicitude de Días Non lectivos, para o 13 de outubro de 2023 e o 20 de maio de 2024.

### XORNADA ESCOLAR

As actividades lectivas realizaranse de luns a venres en xornada continuada:

#### **HORARIO LECTIVO: De 9:00 h. a 14:00 h.**

O comedor escolar funcionará desde o primeiro día lectivo do curso escolar, en setembro de 2023, ata o último, en xuño do 2024. O horario de comedor é de 14:00 a 16:00 horas, neste tempo os alumnos/as permanecerán baixo a custodia dos monitores responsables, enviados pola empresa de cátering Jardanay. O funcionamento deste servizo complementario é responsabilidade da A.N.P.A. A Sardiñeira.

As actividades extraescolares, organizadas pola ANPA, desenvolveranse, en principio, luns, martes, mércores, xoves e venres de 16:00 a 17:00 horas.

Fóra do horario lectivo, do comedor e das actividades extraescolares, as instalacións do centro permanecerán pechadas.

A xornada escolar lectiva do noso centro divídese en cinco sesións e un recreo de 30 minutos. A 4ª sesión é de máis duración porque aproveitamos para realizar neste tempo algunhas actividades relacionadas cos diferentes proxectos nos que participa o centro, relacionados co fomento da actividade física e hábitos saudables, co fomento da lectura e escritura, a oratoria, en xeral co benestar físico e mental.

HORARIO DA XORNADA LECTIVA		
SESIÓNS	HORAS	DURACIÓN
1ª	9:00 – 09:50	50´
2ª	09:50 – 10:40	50´
3ª	10:40 – 11:30	50´
RECREO	11:30 – 12:00	30´
4ª	12:00 – 13:10	70´
5ª	13:10 – 14:00	50´

## QUENDAS

A entrada do alumnado realizarase polas dúas portas de acceso ao recinto escolar, polo que haberá 2 mestres/as que organicen estas entradas para evitar aglomeracións. Quedando como se amosa no seguinte cadro:

## GARDAS DE ENTRADA

PORTA	LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES
<b>Pequena</b> 08:55 – 09:00 Ata que entren os de Infantil	Ana G.	María M.	Carlos	Ana	Quique
<b>Portalón</b> 08:55 – 09:00 Ata que entren todos	Silvia	Víctor	Quique	Jessica	Begoña

Pola porta pequena lateral entrarán; ás 9:00, 1º e 2º de Educación Primaria e a continuación Educación Infantil, acompañados polas súas familias.

Polo portalón grande entrarán ás 9:00: 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria.

As quendas de patio están divididas segundo a etapa educativa, infantil ou primaria, tal e como se contempla no *anexo II*. Do mesmo xeito, o horario de uso das instalacións da biblioteca e do comedor por parte do profesorado e o horario de uso do ximnasio do IES Sardiñeira, están recollidos no *anexo V*.

## HORARIOS

Co remate da implantación da LOMLOE neste curso 2023/2024 e segundo o Decreto 155/2022, do 15 de setembro polo que se establecen a ordenación do currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, a distribución horaria das distintas áreas na etapa de Educación Primaria queda do seguinte xeito.

<b>ÁREAS</b>	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	5º curso	6º curso
Lingua Galega e Literatura	4	4	4	4	4	4
Lingua Castelá e Literatura	4	4	4	4	4	4
Lingua Estranxeira	2	2	3	3	3	3
Educación Plástica e Visual	1	1	1	1	1	1
Educación Física	2	2	2	2	2	2
Matemáticas	5	5	4	4	4	4
Ciencias Sociais	2	3	2	3	2	2
Ciencias Naturais	3	2	3	2	3	2
Relixión / Proxecto Competencial	1	1	1	1	1	1
Música e Danza	1	1	1	1	1	1

## CRITERIOS PARA A ELABORACIÓN DOS HORARIOS DE GRUPO E PROFESORADO

Con respecto aos horarios dos distintos niveis educativos do centro (*achegamos segundo aparece no DOC no anexo IV*), os criterios seguidos, dentro da medida do posible, para a elaboración dos mesmos no presente curso foron os seguintes:

- Facer unha distribución horaria flexible na etapa de educación infantil, polo carácter globalizado do modelo curricular desta etapa. Inclúense actividades que permiten respectar os ritmos de aprendizaxe, de xogo e de descanso do alumnado.
- Priorizar a permanencia dos titores/as nos cursos iniciais da educación primaria, para o que decidimos adoptar o acordo de que os mestres especialistas, que forzosamente deben saír da clase a impartir a súa especialidade en outros cursos, teñan unha titoría nos ciclos superiores, quedando o primeiro e segundo ciclos a cargo de especialistas de primaria. Este criterio aplicouse no claustro para facer a adscrición ao principio de curso.
- Procurar, sempre que sexa posible, que na primeira hora da mañá todos os titores/as comecen a xornada escolar nas súas titorías, para facilitar o control de asistencia do alumnado.
- Distribuír racionalmente as distintas áreas ao longo da semana. Tívoise en conta que nos cursos de infantil os mestres que acoden a impartir unha especialidade, que son os de Relixión, Educación Física, Música e Inglés, dispersen o seu horario na semana tentando evitar que nun mesmo día moitos profesores diferentes pasen por estas aulas.
- Atender ás horas de dispoñibilidade do pavillón deportivo do IES Sardiñeira. Nas clases de Educación Física estamos utilizando o pavillón do IES da Sardiñeira, para as oito sesións que precisamos. Como todos os anos, para a confección dos horarios, foi preciso agardar a que o IES nos proporcionase as horas de uso destas instalacións, polo que tivemos que comezar as clases sen horarios definitivos, que foron implantados na última semana de setembro.
- Atender ás necesidades do alumnado.
- Conseguir o maior equilibrio posible en canto ás horas de docencia directa de maneira que todos os profesores/as teñan aproximadamente o mesmo número de horas.
- Coordinar a presenza do profesorado compartido co CEIP Rosalía de Castro e CEIP Labaca e do profesorado do programa PROA+ que ten xornada reducida, para optimizar a súa presenza

efectiva na atención ás necesidades do alumnado e favorecendo a atención ás necesidades do centro.

- Coordinar os horarios de Inglés cos dous mestres que teñen unha redución de xornada.
- Coordinar os horarios de Relixión/Proxecto competencial cos de AL e PT atendendo á distribución dos espazos do comedor e a biblioteca.
- Tentar facer o maior número posible de desdobres nas especialidades de Inglés e Relixión Católica/Proxecto Competencia, en función da dispoñibilidade de espazos.

## 10. PROGRAMACIÓNS E CALENDARIOS

Todas as reunións do Centro serán os luns no horario de tarde.

O profesorado terá, adaptándose á Orde de 23 de xuño de 2011 que regula a xornada de traballo do persoal docente, 25 horas presenciais lectivas, completándose estas coas 5 horas presenciais non lectivas para atender as seguintes funcións:

- luns, de 16:00 a 17:00, atención ás familias.
- luns, de 17:00 a 19:00 h., reunións previstas de coordinación docente, Claustro, Consello e sesións de avaliación (ver *anexo I*).
- De luns a venres, de 08:50 a 9:00 e de 14:00 a 14:10; reunións dos diferentes equipos de dinamización.
- De martes a venres, de 16:00 a 17:00 h, quendas de permanencia no centro durante o horario das actividades extraescolares (*anexo II*).

### Órganos de goberno e participación

As reunións dos órganos de goberno e de participación realizaranse prescritivamente unha vez por trimestre, podéndose reunir as veces que sexan precisas, tal e como se observa no anexo I.

Os órganos de goberno unipersoais teñen o seu horario de atención ao público distribuído do seguinte xeito:

Directora: Luns a venres de 9 a 9:50 e de 12:00 a 13:10 horas.

Secretaria: Luns, martes e mércores de 9 a 9:50h. Martes de 13:10 a 14 horas.

Xefe de Estudos: Luns e xoves de 13:10 a 14 horas. Mércores e Venres de 9:00 a 9:50 horas.

## Órganos de coordinación docente

As reunións dos equipos de coordinación pedagóxica serán mensuais.

Alén diso, funcionan Equipos de traballo, que coordinan e organizan a maioría das actividades que se realizarán no colexio ao longo do presente curso. Estes equipos reuniranse cunha periodicidade mensual. (Pódense ver no anexo I).

## 11. PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO EN PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA.

O Profesorado deste Centro ten previsto participar nas seguintes actividades, independentemente das actividades de formación individuais:

- Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares: "**O rato Cornide polo mundo**".
- Proxecto de innovación "Plan Proxecta – Proxecto Deportivo de Centro" (Proxecto de Vida Activa e Deportiva).
- Participación nos Contratos-Programa coas seguintes actuacións: CP-Inclúe (Iguála-T, Convive-T, Inclúe-T, Emociona-T); CP-Innova (Edusaúde, Edusostibilidade); RecuperaT (PROA+)
- Proxecto Edixgal.
- Centro Plurilingüe.
- Proxecto de Formación Permanente do Profesorado, con dúas liñas de traballo. Unha sobre o uso dos materiais dos Polos Creativos e outra sobre a horta escolar e alimentación saudable.

## 12. PLANO DE POTENCIACIÓN DA LINGUA GALEGA.

O Claustro velará pola aplicación do proxecto lingüístico de centro. As liñas xerais do plano de potenciación da lingua galega baséanse nos seguintes aspectos:

### *Con respecto ao profesorado:*

- Conseguir que o galego sexa o idioma de difusión da cultura.
- Mellorar o uso e nivel do galego por parte do profesorado.
- Potenciar o uso de recursos e materiais en galego, prestando especial atención ás tecnoloxías da información e comunicación.
- Garantir o galego coma fonte de información e como medio de expresión.
- Afondar no coñecemento da nosa cultura.

### *Con respecto ao alumnado:*

- Potenciar a valoración do galego como idioma propio, rico e como sinal de identidade.
- Fomentar o gusto e o hábito lector na nosa lingua.
- Potenciar o mantemento da actitude positiva cara a lingua galega.
- Potenciar a identidade das nenas e nenos coa súa comunidade.
- Aumentar o coñecemento da arte, historia, literatura e tradición popular propias.
- Familiarizarse co uso dos diversos recursos dixitais por medio de procesadores de textos, navegadores na rede, editores de fotos, escaneado de imaxes, emprego de tablets, etc..., fomentando o uso das NNTT na lingua galega.
- Estimular o uso da lingua galega nas distintas actividades artísticas:
  - Creación literaria
  - Actividades plásticas
  - Actividades audiovisuais

### *Con respecto ao resto da comunidade educativa:*



- Mellorar a calidade do uso do galego, a nivel oral e escrito, por parte de todos os membros da comunidade educativa, co fin de reafirmalo como lingua de uso habitual por parte de tódolos órganos do centro en tódalas súas actividades.
- Participar nas manifestacións culturais da nosa contorna.
- Procurar a superación de prexuízos cara o noso idioma, fomentando unha actitude positiva fronte á galeguización do centro e da sociedade en xeral.

O uso do galego neste colexio é un compromiso docente, que persegue inducir ao alumnado á súa aceptación, comprensión, valoración e recoñecemento coma lingua propia; estimulando o seu uso nunha contorna urbana que usa maioritariamente o castelán e que segue mantendo condutas diglósicas.

Algunhas actividades e experiencias que se realizan na educación infantil, son en galego ou gardan relación coa cultura galega. A atención educativa impártese tamén en galego nesta etapa educativa.

Os proxectos de traballo que realizamos, inclúen un importante número de actividades que se desenvolven en galego, en todos os niveis. Cabe destacar a actividade "A palabra da semana" de presentación conxunta de traballos ou proxectos realizados por parte do alumnado con distinto formato (redaccións, presentacións dixitais, debuxos, traballos manuais...) sobre unha palabra galega seleccionada con anterioridade

Na educación primaria impártense en galego as materias de Ciencias Sociais e Naturais, Educación Física, Lingua Galega e Educación en valores cívicos e éticos de 6º EP.

As lecturas conxuntas e as representacións que teñen lugar os venres, no recibidor do centro ou no patio do colexio, son maioritariamente en galego (aínda que tamén se empregan outros idiomas coma o inglés, alemán, italiano...) e son moi ben recibidas polos nosos alumnos e alumnas.

O uso exclusivo do galego nas notas informativas, nos taboleiros de anuncios, nas interaccións co alumnado en contextos informais e a presenza da lingua galega no Blog "PASA PÁXINA", son a tónica dominante no centro.

Tamén promocionamos todas aquelas festas tradicionais da nosa cultura neste curso, coma o Samaín, o Día do Peón, o Magosto, o Entroido, o Día das Letras Galegas, etc.

Aínda así ficamos lonxe de que o noso alumnado faga un uso habitual do noso idioma, nesta sociedade aínda queda moito para normalizar o galego.

### 13. LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO.

No presente curso é de aplicación a Orde do 10 de maio de 2023 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar. Nesta orde recóllese o reparto, entre o alumnado solicitante, dos libros de texto pertencentes ao Fondo de libros do centro e a compra dos volumes precisos para atender as necesidades do alumnado. Recóllense e tramítanse as solicitudes de axudas para material e libros de texto que oferta a Consellería de Educación ao remate de cada curso nos programas de Gratuidade.

No presente curso académico existe fondo solidario de libros de texto para o cursos 3º e 4º de educación primaria. En 1º e 2º de primaria os textos son funxibles e proporciónanse, a aquelas familias que o solicitan e reúnen os requisitos, os vales de Gratuidade de libros de texto da Consellería de Educación, e no caso de familias que non reúnen as condicións para acceder a estas axudas, son elas mesmas as que adquieren os manuais. (Pódense ver no *anexo VI*)

En 5º e 6º de primaria non teñen libros de textos porque están co proxecto Edixgal.

En setembro, cada titor/a elabora unha listaxe de material que solicita das familias.

## 14. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES DO CENTRO.

O presente programa anual coordínase a través do Claustro do centro.

### Obxectivos

- Coordinar cada unha das actividades acordadas.
- Programar actividades para as conmemoracións.
- Colaborar no desenvolvemento das festas tradicionais organizadas polo centro educativo.
- Fomentar a participación de toda a comunidade educativa nas actividades propostas.

### Conmemoracións:

As conmemoracións son as que seguen:

- 11 de novembro: Día de San Martiño (Día do peón) (celebrarase o 10 de novembro)
- 20 de novembro: Día Universal da Infancia. (celebrarase o 17 de novembro)
- 25 de novembro: Día Internacional contra a Violencia de Xénero. (celebrarase o 24 de novembro)
- Do 28 de novembro ao 5 de decembro: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro: Día Internacional das Persoas con Discapacidade. (celebrarase o 1 de decembro)
- 10 de decembro: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. (celebrarase o 11 de decembro)
- 24 de xaneiro: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 23 de febreiro: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo: Día Internacional da Muller.
- Do 4 ao 08 de marzo: Semana da Prensa. Un día desta semana procurarase traballar na aula con xornais.
- 15 de marzo: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.

- 1 de abril: Días das Artes Galegas (celebrarase o 5 de abril)
- 2 de abril: Día Mundial de concienciación sobre o Autismo (celebrarase o 5 de abril)
- 7 de abril: Día Mundial da Saúde. (celebrarase o 8 de abril)
- Entre o 22 e o 26 de abril: Semana do Libro.
- 26 de abril: Día da Educación Física na Rúa.
- 2 de maio: Día Internacional contra o Acoso Escolar. (celebrarase o 3 de maio)
- 9 de maio: Día de Europa.
- Do 13 ao 17 de maio: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño: Día Mundial do Medio Ambiente.

### Saídas:

As saídas e actividades serán planificadas e realizadas baixo a responsabilidade dos titores ou mestres especialistas interesados. Para aforrar economicamente, procurarase optimizar as viaxes para reducir o custe do transporte, realizando a mesma visita varios cursos.

No momento de elaboración desta programación anual, as saídas solicitadas para este curso 2023-2024 son as seguintes:

- Teatro Fórum Metropolitano. (Todos)
- Concertos didácticos OSG (Todos)
- Fundación María José Jove (Todos)
- Fimoteca de Galicia ( 1º, 2º, 3º e 4º EP)
- Museos científicos: Casa das Ciencias e Planetario (3º, 4º, 5º e 6º EP)
- Obradoiro Escola Galega de Consumo: Un Samaín libre de medos (Todos)
- Concerto *Vaia ritmo!* en Afundación (1º e 2º EP)
- Teatro *Hugo* en Afundación (3º e 4º EP)
- Teatro Pingüín en Afundación (Ed. Infantil)
- Programa A Coruña de Aventura:
  - Visitas Escolares:
    - Visita Cruz Vermella (5º e 6º EP)
    - Torre de Hércules (3º e 4º EP)
  - Rutas Urbanas Animadas:
    - Espertando os sentidos (Infantil)

- Tesouros de María Pita (1º e 2º EP)
- Itinerarios:
  - A cidade de María Pita (3º e 4º EP)
  - Espías no tempo: (5º e 6ºEP)
- Programa A Coruña Cultural:
  - Biblioteca Municipal Sagrada Familia (1º, 2º, 3º, 4º EP)
- Programa A Coruña Saúde:
  - Primeiros Auxilios nos centros (5º e 6º EP)
- Programa A Coruña e o consumo:
  - Consumo responsable das tecnoloxías (3º e 4º EP)
- Programa A Coruña Vial:
  - Os parruliños coñecen a rúa (Infantil)
  - Visita guiada á sala de control semaforico (3º e 4º EP)
  - Rodando pola nosa historia (3º, 4º, 5º e 6º EP)
  - Multa ou flor (5º e 6º EP)
- Programa A Coruña Ambiental:
  - A ruta da auga (3º, 4º, 5º e 6º EP)
  - Vexo, vexo – Contorna Torre de Hércules – Punta Herminia (1º e 2º EP)
- Programa A Coruña Igualdade:
  - Obradoiro *Xogos e historia para medrar en igualdade* (Infantil, 1º e 2º EP)
  - Obradoiro *Aprender igualdade creando I* (3º, 4º, 5º e 6º EP)
- CEIDA:
  - Maletas viaxeiras (3º e 4º EP)
  - O lixo mariño (5º e 6º EP)
- Emalcsa:
  - Ruta Río Mero (3º, 4º, 5º e 6º EP)
  - Concurso *A auga non para*
- Día da Educación Física na rúa, no parque de Vioño.
- Excursión fin de curso como peche do Proxecto Documental: As propostas son: Viaxe en barco pola Ría da Coruña e/ou viaxe en tren ata algún lugar de interese (Betanzos, Ferrol...)

## Actividades Complementarias no centro:

Coa finalidade de acadar os obxectivos propostos relacionados coa lingua galega, propoñemos as seguintes actividades para o curso 2023/2024, que nos permitirán imprimir rapidez e intensidade ao proceso de normalización da lingua galega, nos distintos ámbitos educativos e cotiás do conxunto de membros que conformamos a comunidade educativa. Moitas destas actividades tamén servirán para acadar obxectivos propostos nos distintos proxectos do centro.

<b>Actividade</b>	<b>Estratexias que se desenvolverán</b>
<b>Carreira Enki</b> <b>20 de outubro</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Carreira de obstáculos no patio do colexio pola inclusión de persoas con diversidade funcional.</li></ul>
<b>Celebración do Samaín</b> <b>31 de outubro</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Lecturas sobre o Samaín e contacontos.</li><li>- Participación nun obradoiro da Escola Galega de Consumo sobre o SAMAÍN.</li><li>- Concurso de cabazas e proxección de medo.</li></ul>
<b>Celebración do Magosto e Día do Peón</b> <b>10 de novembro</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Polo San Martiño, peóns ao camiño. Exhibición de baile de peóns.</li><li>- Xogos populares con castañas e degustación de castañas asadas.</li></ul>
<b>Celebración do Nadal</b> <b>21 de decembro</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Festival de Nadal con actuacións sobre a temática do PDI, amosando a celebración do Nadal en distintos países e culturas.</li><li>- Reprodución das badaladas de fin de ano coas 12 uvas</li></ul>
<b>Celebración do Día da Paz</b> <b>30 de xaneiro</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Lectura de manifesto e realización de manualidades.</li></ul>
<b>Celebración do Entroido</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Elaboración dos mandadiños do Meco.</li><li>- Desfile de disfraces polas rúas do barrio.</li></ul>

<b>9 de febreiro</b>	
<b>Celebración do Día de Rosalía</b> <b>23 de febreiro</b>	- Concurso de relatos en lingua galega sobre a temática do Proxecto Documental deste curso.
<b>Celebración do Día da Educación Física na rúa 26 de abril</b>	- Práctica de distintos xogos e actividades deportivas a celebrar no Parque de Vioño, dentro do PDC - Proxecto de Vida Activa e Deportiva.
<b>Celebración da semana cultural das Letras Galegas</b> <b>13 ao 17 de maio</b>	- Traballo e aprendizaxe sobre a homenaxeada nas Letras Galegas 2024: Luisa Villalta - Recopilación de materiais durante o curso sobre a figura desta autora.

- Queremos tamén incluír dentro destas actividades complementarias, as sesións de contacontos que se organizan, todas as semanas, coas familias de educación infantil na biblioteca do colexio.
- Tamén contamos con algúns escritores e músicos que veñen presentar as súas obras e organizamos colaboracións cos centros de ensino que temos ao noso carón.
- Realizaremos a final de curso unha celebración conxunta con toda a comunidade educativa que será o punto final do proxecto da Biblioteca e os demais proxectos e na que se amosará ás familias parte do traballo realizado durante o curso: "A festa das familias".

En xeral, ademais das saídas e actividades xa indicadas poderanse realizar:

- Todas as que se consideren oportunas para un mellor desenvolvemento das programacións educativas e dos distintos proxectos de innovación nos que participe o centro.



## 15. PLAN DE BIBLIOTECA (PLAMBE)

### A) INTRODUCCIÓN

Segundo a Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, o plan de biblioteca terá por finalidade a promoción da biblioteca escolar como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe.

Da man da nosa mascota, o Rato Cornide, queremos que os nosos alumnos/as se somerxan nunha viaxe polas aventuras que poden atopar nos libros, e polos coñecementos que os medios bibliográficos, audiovisuais e informáticos da *Biblioteca do Rato Cornide* poñen á súa disposición.

### B) ANÁLISE DO CONTEXTO

#### 1.-EN RELACIÓN COA XESTIÓN E ORGANIZACIÓN:

A primeira actuación na biblioteca será a de revisión dos fondos coa finalidade de realizar o expurgo correspondente. Isto faise nos primeiros días de setembro, antes do comezo das clases e considerámola unha actividade esencial que nos permite, entre outras cousas, establecer as prioridades á hora de adquirir novos documentos. Ademais, a biblioteca sempre funcionou como centro do traballo de aprendizaxe, vencellado ás materias e especialmente á realización de proxectos documentais integrados, realizados en todo o centro coordinadamente, e que son o eixe vertebrador da actividade académica.

Este curso continuaremos a utilizar o programa KOHA. Isto supón moitas máis horas de dedicación á xestión e organización dos recursos xa que hai que explicarlle o seu funcionamento ao novo profesorado sen deixar de lado o labor tan importante de dinamización da lectura que facemos dende a Biblioteca do Rato Cornide.

Con respecto ao uso da biblioteca como “laboratorio creativo de aprendizaxe”; a disposición da propia biblioteca coa adquisición do novo mobiliario, así como a natureza dos fondos alí presentes fai que a aprendizaxe se produza nun entorno favorecedor; ligada ás necesidades de cada alumno/a para chegar ao coñecemento seguindo a súa vía de aproximación preferida. A biblioteca úsase como aula de teatro e artes escénicas, onde os grupos desenvolven as súas competencias culturais e artísticas mediante o uso da música, o teatro, a danza e outras expresións creativas, ben de xeito autónomo e libre, ben dun xeito guiado polos mestres e mestras do centro.

Adquisición, rexistro e catalogación de novos fondos, de xeito continuado ao longo do curso co programa KOHA.

Neste momento, pensamos que esta biblioteca conta coas seccións axeitadas para un bo servizo á escola. O obxectivo agora é lograr un equilibrio entre as mesmas, polo que nos propoñemos manter os seguintes criterios á hora de adquirir fondos:

- + Os materiais de ficción (en todos os soportes) acadan un número adecuado, e tamén estamos limitados seriamente polas carencias de espazos na biblioteca, polo que a compra de textos irá orientada: á reposición daqueles que se aopen moi deteriorados e se consideren imprescindibles, á adquisición das novidades de interese, textos que teñan en consideración as necesidades dos nosos alumnos NEAE e tamén a dos textos que poidan aportar lecturas para os nosos proxectos.

- + É importante a compra de materiais informativos. Que priorizaremos naqueles temas relacionados cos proxectos documentais que desenvolvamos no próximo curso.

- + Así mesmo, queremos diversificar os soportes, procurando incrementar os fondos que presenten dobres formatos.

## **2.-EN RELACIÓN COA DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA, A SÚA INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E A SÚA CONTRIBUCIÓN Á ALFABETIZACIÓN MÚLTIPLE E AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS DO ALUMNADO:**

As actividades de dinamización da biblioteca faranse conxuntamente coas de formación de usuarios e educación para a competencia informacional e mediática, a través do desenvolvemento dun proxecto global anual compartido por toda a escola, como nos cursos precedentes.

Como cada ano, aqueles fondos relacionados co proxecto documental son expostos no vestíbulo do centro para que o acceso e a consulta resulten máis cómodos. O currículo é abordado de xeito multidisciplinar arredor da temática elixida, sempre aberta e inclusiva, sendo unha maneira de tratar as mesmas temáticas de cada curso desde diferentes vertentes.

En canto á promoción de recursos, as liñas básicas de actuación son as seguintes:

- + Promoción específica dos fondos de nova adquisición, facendo sempre unha presentación deles e manténdoos á vista de toda a comunidade no expositor de Novidades, durante 8-10 días, antes de pasar ao seu lugar nos andeis para uso de todos.

- + Presentación de libros ao alumnado por parte dos titores durante a hora semanal coa que cada grupo conta para o préstamo. Procuramos nesta sesión promocionar o intercambio de opinións e as valoracións que os nenos e nenas fan das lecturas individuais que realizan. Incentivamos a presentación aos compañeiros das obras que cada alumno vai lendo e considera interesante recomendar.

+ Incremento das entradas no Blog nas que promocionemos fondos, novidades e recursos dos que dispoñemos relativos a diferentes datas, eventos, etc.

+ Booktubers: Publicación de xeito mensual no blog da biblioteca de vídeos do alumnado con recomendacións de lecturas para os demais.

### **3.-EN RELACIÓN COA FORMACIÓN DE USUARIOS E ADQUISICIÓN DA COMPETENCIA INFORMACIONAL (competencia para o tratamento da información, incluída na actual Competencia Dixital):**

A base destas actividades e de dinamización da biblioteca atópase na sistematización do traballo por proxectos documentais, acordada polo claustro. Será un proxecto global anual, de outubro a maio: "O rato Cornide polo mundo".

En relación á formación de usuarios e á relación coa competencia dixital, o uso da biblioteca, desde o préstamo semanal á catalogación e xestión de fondos faise de xeito informatizado. Intentamos que os propios alumnos e alumnas a partir do primeiro curso de Educación Primaria leven a cabo o préstamo de xeito máis ou menos autónomo, ata que nos últimos cursos sexan totalmente independentes no seu uso. Ademais, a xestión seguindo a CDU, colocación, orde, etiquetado, etc. é desenvolvida por un equipo de alumnos axudantes (de 3º a 6º de Primaria) coordinados polas mestras de garda de recreo na biblioteca.

Con cada proxecto o equipo de biblioteca, encargárase de:

- Elaborar unha Proposta de traballo inicial, que recolla as liñas xerais de actuación no desenvolvemento do proxecto.
- Buscar e facilitar fondos de ficción e informativos para o tema a tratar.
- Elaborar material para o traballo do alumnado co proxecto na forma que se considere axeitada: caderniño, díptico...
- Informar á comunidade escolar do proxecto a desenvolver en cada tramo do curso, na procura da súa participación no mesmo.
- Organizar as sesións de lectura en voz alta dos venres.
- Recoller nunha memoria as actividades vividas e facela pública, mediante a exposición fotográfica que sempre hai no vestíbulo do colexio e a través do blog Pasa páxina.
- Invitar, se é posible, a persoas relacionadas cos temas en estudo, para artellarmos no colexio charlas e presentacións nas que participen todos os alumnos e alumnas.
- Preparar unha exposición (pintura, escultura, maquetas, utensilios, roupa...) relacionada co tema proposto, para introducir nos proxectos as competencias vencelladas ás manifestacións artísticas.

- Organizar a Festa final de cada proxecto (Festa das familias) con escenificacións, recitados, narracións, exposición de textos documentais... ofrecidos polos nenos e nenas do colexio ás súas familias. Neste curso intentarase celebrar no Centro Cívico dos Mallos.

Á marxe deste proxecto compartido por todos, a biblioteca é o centro de recursos para o desenvolvemento doutros pequenos proxectos documentais que se veñen realizando nas aulas en momentos puntuais do curso.

No capítulo de formación de usuarios, cómpre sinalar que mantemos un contacto fluído coa biblioteca pública do barrio (Biblioteca Municipal Sagrada Familia), participando nas actividades que eles realizan con este obxectivo. Froito deste contacto, no curso 2021/2022 cambiamos a colocación dos libros segundo a CDU e por orde alfabética do apelido do autor e do título do libro, seguindo o "tello". Esta nova organización axudounos moito a ter localizados todos os libros da biblioteca e queremos que se siga mantendo esta orde. Seguiremos incidindo na formación de usuarios para que os nosos alumnos e alumnas coñezan ben esta organización e axuden a mantela.

#### **4.-EN RELACIÓN CO FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR DE CENTRO:**

Este centro leva moitos anos desenvolvendo un Programa de lectura silenciosa sostida, de luns a venres durante vinte minutos diarios, que vén sendo avaliado desde a súa implantación como unha actividade moi positiva pero co cambio de lexislación, este programa non vai a ser desenvolvido nunha sesión concreta senón que será desenvolvido nas distintas áreas por parte de todos os mestres e mestras.

Ademais mantemos as seguintes actividades:

+ Préstamo titorizado: cada grupo realiza o préstamo acompañado polo seu titor nunha sesión semanal na que a biblioteca está á súa disposición e na que hai alguén con horas de dinamización de biblioteca. Utilizamos esta sesión para promocionar novos fondos, falar das lecturas realizadas, valorar libros...

+ Lectura en voz alta para todos: os venres de 12:00 a 12:20, imos a manter a actividade de fomento da lectura na que se len contos pero tamén se dramatizan ou se realizan presentacións sobre o PDI correspondente.

+ Lecturas de familias na educación infantil: Os mércores na primeira sesión da mañá un familiar fai na biblioteca unha lectura para todo o alumnado de infantil, previamente preparada cos titores da etapa.

+ Tamén os alumnos/as dos cursos superiores realizan lecturas, ás veces dramatizadas, de modo sistemático, nas aulas de Educación Infantil.

+ Relación coa Biblioteca Municipal do barrio. Varias veces ao longo do curso, algúns nenos/as e algúns mestres fan unha visita á Biblioteca Municipal da Sagrada Familia, na que recollen libros en préstamo, que son utilizados no programa de lectura silenciosa sostida e de soporte para o desenvolvemento da temática do Proxecto. Tamén acudiremos ás actividades de fomento da lectura e formación de usuarios que se ofertan dende a propia Biblioteca Municipal.

Todas as actividades aparecen no Proxecto lector e no Plan Anual de lectura, que, segundo o establecido na normativa curricular, articulan todas as intervencións que o centro realiza en relación coa lectura, a escritura e as habilidades informativas.

## 5.- EN RELACIÓN COS AVANCES CARA UNHA BIBLIOTECA INCLUSIVA:

Consideramos a biblioteca escolar como un elemento fundamental na compensación das desigualdades sociais do noso alumnado.

O acceso a internet e ao uso dos ordenadores por parte daqueles alumnos que carecen deles no seu domicilio, o préstamo semanal para todos os nenos e nenas do colexio, a sección de libros e materiais para familias, son actuacións que contribúen a paliar necesidades actuando como axente compensador.

Temos adquirido neste eido, un xogo de 20 tablets que pretendemos dotar de aplicacións que posúan esta vertente inclusiva. Estas tablets están a ser programadas co fin de ser usadas tanto na biblioteca coma nas aulas, contribuíndo á inclusión nas actividades de alumnado con necesidades diversas. Ademais dispoñemos na biblioteca duns robots para practicar a programación dende diferentes áreas.

Tamén dispoñemos de 12 portátiles do programa *Educa en digital* que conforman unha aula móbil e están a disposición do alumnado e o profesorado.

## C) OBXECTIVOS

Seleccionamos unha serie de obxectivos abarcables no curso escolar, aínda que temos en conta que algúns deben ser continuados en cursos posteriores:

- Axudar ao desenvolvemento do currículo en canto á mellora das competencias clave do noso alumnado de maneira coordinada e desenvolvendo o PROXECTO LECTOR DO CENTRO.
- Integrar a nosa BE na vida do centro e que siga sendo un espazo operativo e funcional que poida ser utilizado eficazmente por todos os membros da comunidade educativa.

- Experimentar a BE como lugar de encontro cos libros.
- Aproveitar as distintas posibilidades que ofrece a nosa BE como recurso para o proceso de E-A, establecendo unhas normas básicas dos usuarios e de funcionamento.
- Espertar, crear e estender o gusto pola lectura fomentando así a imaxinación e a creatividade a través dos recursos que ofrece a biblioteca.
- Fomentar hábitos de traballo, diversión en grupo e actitudes de compañeirismo dentro da BE, estruturándoa en diversos recantos ou zonas e desenrolando diferentes actividades de lecer nela.
- Formar usuarios autónomos da biblioteca garantindo o acceso aos fondos bibliográficos e documentais a todo o alumnado en igualdade de condicións.
- Potenciar a realización de proxectos documentais, de maneira interdisciplinar en todos os niveis e coordinados pola BE.
- Colaborar activamente cos titores/as á hora de proporcionarlles material didáctico, teórico e práctico, encamiñado á inclusión de actividades de fomento da lectura, mellora da comprensión lectora e busca de información nas distintas programacións das áreas.
- Apoiar e traballar en prol dos obxectivos do Plan Dixital, Proxecto Deportivo de Centro, Plan de Actividades físicas e hábitos saudables, Plan de Atención á Diversidade e Plan de Convivencia do noso colexio.

## 6.-OUTRAS ACTUACIÓNS:

Sempre facilitamos ás familias de nova incorporación ao centro, un documento que lles presenta a biblioteca, que os anima a ser usuarios e formar parte dela, etc.

Consideramos tamén convinte que na reunión xeral de inicio de curso coas familias, se lles acheguen os novos recursos e actividades que van xurdindo, para que eles os coñezan e acompañen aos seus fillos no seu desfrute e utilización eficaz. Nesta liña, animarémolos a participar fomentando, entre outras cousas, as súas intervencións no blog Pasa Páxina.

Tamén consideramos importante as aportacións que incluimos na biblioteca no andel adicado ás producións propias, no que expoñemos para uso e desfrute de todo o alumnado, os traballos realizados con esta finalidade.

## HORARIO PREVISTO DE ATENCIÓN Á BIBLIOTECA

Analizadas as posibilidades de organización do centro presentamos esta proposta de horario aínda que é flexible e aberta, debido aos cambios no profesorado, melloras, imprevistos... que poden ocasionar calquera modificación.

Establecerase dentro da Biblioteca un horario que incluirá:

- Catro horas/semanais para a persoa responsable do equipo para programar, organizar e coordinar as actividades así como asesorar ao profesorado .
- Sesións semanais dentro do seu horario lectivo para algúns dos mestres/as compoñentes do Equipo de Biblioteca.

Para o conxunto do alumnado:

- Permanece aberta durante os recreos, de luns a xoves, atendida por un profesor/a que cumprirá a súa garda na biblioteca e un grupo de escolares colaboradores. Nese tempo levaranse a cabo distintas actividades de Animación Lectora, xogos de mesa, robótica, xogos de construción...

Para as instalacións:

- A biblioteca estará aberta durante toda a xornada escolar.

No comezo do curso, cada grupo - clase escollerá unha hora semanal dentro do horario lectivo para traballo na Biblioteca onde se realizarán os préstamos, presentacións de libros, explicación de actividades... entre outras. Debido á falta de espazos que temos no centro, a biblioteca será usada como aula de desdobres nas áreas de Inglés e Proxecto Competencial. Tamén pode ser usada polo profesorado de PT para realizar algún traballo específico co alumnado (Pódese ver o horario no Anexo V)

## 16. PLANO DE AUTOPROTECCIÓN

Durante os cursos pasados foi revisado, actualizado e aprobado en Claustro de Profesores e Consello Escolar. Neste curso farase a actualización correspondente e actualización de datos segundo a normativa vixente.

Continuarase coa práctica da realización de simulacros de evacuación, co fin de sistematizar a actuación dos mestres/as e alumnado nun suposto caso de emerxencia.

Tamén se realizarán obradoiros relacionados coa evacuación e cos primeiros auxilios no centro.

En termos xerais, o plano de autoprotección non se prevé que presente variacións estruturais no actual curso pero sí que se fará a preceptiva actualización.

### Protección do alumnado

O alumnado só poderá abandonar o centro en horario escolar co permiso do seu profesor/ titor, e sempre que veñan a recollelo os seus pais ou persoas autorizadas. Alén diso, e para un mellor control dos accesos ao Centro, ficarán pechadas as portas durante o horario lectivo. As familias que desexen recoller ao alumnado durante o horario lectivo, deberán asinar unha folla que lles será entregada polo conserxe ao chegar ao centro.



## 17. PLANO PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA

A comunidade educativa democrática é o lugar idóneo para desenvolver a pedagogía da participación en liberdade. Actualmente existen canles legais para facela posible. Os mestres/as, as familias, o alumnado e a sociedade, a través deles, poden e deben intervir no control e na xestión da ensinanza. A comunicación entre o centro e os pais e nais do alumno establécese dun xeito periódico co horario de atención das titorías e do equipo directivo. Alén diso, para potenciar este tipo de comunicación e de relación, as bases deste plano contémpanse desde estes supostos.

### Obxectivos:

- Atender os posibles problemas de calquera pai ou nai cuxa solución precise da nosa intervención.
- Potenciar a colaboración dos pais/nais no proceso educativo, a través da intervención dos titores.
- Tratar de involucrar ás familias na organización do noso centro a través da súa participación no Consello Escolar e/ou nas distintas comisións.
- Divulgar todos os documentos de xestión e programación do centro.
- Manter relacións de diálogo, coordinación e participación coa ANPA.
- Facilitar o uso de instalacións do Centro para a realización de actividades que sexan organizadas pola ANPA.
- Darlles a coñecer todas aquelas convocatorias nas que os distintos sectores poidan participar.
- Pedirlles apoio nas nosas relacións coa administración.
- Solicitar a colaboración a todos aqueles organismos, organizacións e empresas que poidan contribuír á mellora da consecución das finalidades educativas do centro.

### Liñas prioritarias de actuación

- Informarlles e implicalos a través dos titores/as en aqueles ámbitos de desenvolvemento persoal nos que se necesite a súa colaboración.
- Facer chegar a todos os pais/nais a información de interese relativa ao proceso de ensinanza-aprendizaxe dos seus fillos/as a través de Abalarmóbil, web do centro e outras canles informativas.

- Informar sobre a aplicación do protocolo de protección de datos, especialmente de aqueles aspectos que os afectan directamente.
- Facilitar á ANPA os medios dispoñibles para a realización das actividades que organicen.
- Impulsar e colaborar coa ANPA na elaboración de proxectos para participar en todas aquelas convocatorias que se publiquen.
- Informar puntualmente de todos aqueles asuntos tratados coa administración.

## 18. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

### COMEDOR ESCOLAR E MADRUGADORES

Os servizos de comedor escolar e madrugadores funcionarán desde o primeiro día lectivo do curso escolar, en setembro de 2023, ata o último, en xuño do 2024. O horario de comedor é de 13:45 a 16:00 horas. O horario de madrugadores é de 8:00 a 9:00 horas. Neste tempo os alumnos/as permanecerán baixo a custodia das monitoras responsables, enviadas pola empresa de cátering.

O funcionamento destes servizos complementarios é responsabilidade da A.N.P.A. A Sardiñeira.

A empresa Jardanay é a encargada da subministración de comidas preparadas e de dotar do persoal encargado de atender o funcionamento do comedor e desenvolver o programa de promoción da saúde, promoción de hábitos alimentarios saudables e desenvolvemento dos hábitos persoais do alumnado.

## 19. INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTO DO CENTRO

### As dependencias

As dependencias do centro están distribuídas da seguinte maneira:

#### *EDIFICIO PRINCIPAL*

Un local para sala de mestres, dirección, secretaría.

Un local moi pequeno para almacén, onde está o cadro eléctrico.

Unha aula para biblioteca.

Aseo de mestres.

Vestíbulo que se emprega para servizos de reprografía, escenario para contacontos e actividades grupais.

Dúas aulas de infantil, cos correspondentes baños para o alumnado.

Tres aulas de primaria, cos correspondentes baños para o alumnado.

Un local exterior para caldeira de calefacción.

Un local exterior para depósito de gasóleo de calefacción.

Un local exterior para almacén.

Un local cedido polo IES Sardiñeira, no pavillón, para gardar material deportivo.

Un pequeno local xunto ao baño da aula de 1º e 2º de primaria, para gardar os útiles de limpeza.

### *RECINTO ESCOLAR*

Un patio cuberto que serve para o tempo de lecer nos días de choiva.

Zona de xogos infantís con chan de caucho para E. Infantil.

Zona asfaltada para o alumnado de primaria para xogos no tempo de lecer rodeada dunha pequena zona axardinada con algunhas árbores.

O recinto escolar permanecerá aberto desde as 8,50 ata as 14,00 horas polas mañás e os luns pola tarde de 16 a 19 horas.

### *Uso das instalacións*

A utilización das instalacións do Centro aparece regulada na lexislación vixente, e na normativa correspondente da Consellería e da Xefatura Territorial de Educación.

O equipo directivo posúe o dereito de dar a concesión do uso das instalacións do Centro a todos os membros e asociacións que forman parte da comunidade escolar, incluído o Concello. O Equipo directivo comprométese a informar na reunión de Consello Escolar correspondente das concesións efectuadas.

### *Instalacións e materiais*

O CEIP Plurilingüe "José Cornide Saavedra " está nun edificio de planta baixa que foi construído para os alumnos de educación infantil do antigo colexio de EXB da Sardiñeira. Este edificio de seis aulas das que cinco se utilizan como tales e unha é a biblioteca escolar, resulta absolutamente insuficiente.

Carecemos de aulas específicas de inglés ou música; a sala de profesores é minúscula e cumpre tamén as funcións de secretaría e dirección. A carencia de espazos condiciona sistematicamente todas as actividades da escola.

No edificio do IES situado ao noso carón, temos o comedor escolar que ocupa o que fora a antiga casa do conserxe. Esta instalación vén dando servizo a uns trinta e seis alumnos de todos os niveis que impartimos, ao longo de todo o ano escolar.

Este mesmo espazo utilízase en horario escolar para as intervencións do mestre de Pedagogía Terapéutica, para Audición e Linguaxe, tamén para Orientación e se usa como aula de desdobres en Proxecto competencial/Relixión.

Temos que salientar a carencia absoluta de instalacións deportivas, o que nos obriga a depender das que ten o IES da Sardiñeira: o Pavillón polideportivo que está na parte posterior do noso edificio e o ximnasio situado detrás do edificio principal do IES da Sardiñeira.

Esta situación provoca serias dificultades para a confección dos horarios que neste curso non puideron rematarse ata finais de setembro. Isto ocasiona que teñamos que empezar cada curso académico cuns horarios provisionais, que logo mudan tras o comezo das clases do IES, cando este conta con horarios definitivos. E cada vez que hai un cambio no horario de Educación Física do instituto isto ocasiona un novo troco nos horarios do Colexio, incluíndo a tódalas materias, PT, AL, apoios, reforzos, atención individualizada fóra das aulas, etc.

Tamén resulta inadecuado obrigar aos nosos alumnos/as a percorrer baixo a chuvia (non poucos días ao longo do curso) o traxecto que nos separa do ximnasio, tanto pola chuvia como polo tempo que se perde no traxecto, ademais de que no ximnasio non existe material de educación física, que se garda no pavillón do IES.

Neste curso, a dispoñibilidade do Pavillón non nos permite levar a cabo nel todas as sesións de Educación Física e Psicomotricidade polo que se fai necesario acudir ao Ximnasio en unha sesión á semana.

## Persoal non docente

José Carlos Ruibal Salgado.- Conserxe municipal que desenvolve as súas tarefas neste centro como definitivo. Permanece en horario de mañá e tarde, e a maiores das súas competencias colabora coa realización dos proxectos, dinamización da biblioteca e conmemoracións.

Dolores Varela Cores.- Coidadora asignada para a atención preferente de dous alumnos en 4º EI e un alumno en 5º EI.

Velika Dosta Thomev. – Auxiliar de conversa procedente de Australia que ven 2 días ao centro e que está compartida coa EEI Barrionovo.

Ana.– Encargada das labores de limpeza no centro.

## 20. PLANO DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA

Este curso 2023/2024, a ANPA do colexio ten organizadas as seguintes actividades extraescolares en horario de tarde, entre as 16 e as 17 horas:

Luns: Robótica a cargo da empresa Exodega no comedor.

Martes: Inglés a cargo da empresa Exodega no comedor.

Mércores: Multiactividade a cargo da empresa Serocio no pavillón polideportivo do IES A Sardiñeira.

Xoves: Patinaxe a cargo do clube Galicia Rollers no pavillón polideportivo do IES A Sardiñeira.

Venres: Judo a cargo do clube Edukajudo no pavillón polideportivo do IES A Sardiñeira.

## 21. PLANO DE AVALIACIÓN

Na medida en que esta PA establece plans de traballo concretos (obxectivos, accións e temporalización) dos órganos de goberno, dos órganos de coordinación docente e demais equipos de traballo, a avaliación interna, facendo unha valoración de resultados, farase no mes de xuño e será recollida na memoria de fin de curso.

Alén diso, trimestralmente a través do Claustro e do Consello Escolar valorarase a consecución dos obxectivos e das medidas e as accións levadas a cabo para conseguir estes. Rectificando as medidas adoptadas no caso de non ir acadando os obxectivos propostos.

### Avaliación do P. E.

A avaliación da PA serviranos para avaliar o P.E., xa que foi xerada e elaborada a partir del. Faise preciso continuar a revisar o Proxecto Educativo do centro para mantelo adaptado ao contido e disposicións das normas lexislativas educativas e á realidade do noso centro.

### Avaliación do alumnado

A avaliación dos alumnos/as será global, continua e formativa. Constituirá unha práctica habitual e permanente do profesorado dirixida a obter e rexistrar datos relevantes que faciliten a toma de decisións encamiñadas á mellora dos procesos de ensino e aprendizaxe do

alumnado. Nas sesións de avaliación participarán todos os mestres/as que dean clase ao curso, o orientador e a directora.

Realizaranse:

- Avaliación inicial: 2 de outubro (non terá cualificacións)
- Primeiro trimestre: 18 de decembro.
- Segundo trimestre: 18 de marzo.
- Terceiro trimestre: 17 de xuño.

A información comunicarase ás familias a través de Abalarmóbil os días 21 de decembro, 22 de marzo e 21 de xuño, o que non implica que non reciban informacións puntuais do proceso de ensinanza - aprendizaxe dos seus fillos/as ao longo do curso tanto por parte dos titores/as como por parte dos especialistas.

## 22. PLANO DE INTEGRACIÓN DAS TICS

Como xa se viña facendo en cursos anteriores continuarase a traballar na introdución e presenza das TIC na práctica educativa do centro, buscando neste curso:

- Espertar o interese e a curiosidade entre toda a comunidade educativa polo uso educativo das Novas Tecnoloxías Informáticas.
- Espertar o interese e a curiosidade polas materias STEM e a súa aplicación nas aulas, principalmente co uso dos materiais dos Polos Creativos.
- Continuar co uso da robótica na práctica educativa.
- Aprender a aprender a través dos diversos medios de comunicación audiovisual.
- Introducir os ordenadores e as tablets como unha ferramenta de uso habitual dentro da aula.
- Familiarizar ao alumnado co uso responsable das novas tecnoloxías empregando aplicacións didácticas para o seu enriquecemento persoal e académico.
- Facilitar a aprendizaxe aos alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo a través das novas tecnoloxías.
- Adquirir destrezas na busca e tratamento da información con sentido crítico.

- Fomentar o uso compartido do coñecemento a través das diversas ferramentas dispoñibles na rede para ese fin.
- Mellorar o traballo de docencia e tutorial a través do uso das novas tecnoloxías, experimentando novos modelos de aprendizaxe alternativos á instrución directa tradicional, e realizando as distintas tarefas administrativas correspondentes ao labor docente a través das novas aplicacións XADE, Abalar, Aula virtual dentro da páxina web, EVA, Educalidade, Programas educativos...
- Implantar a concreción anual do Plan Dixital de centro.

Continuarase neste curso, en colaboración co equipo de biblioteca, e dentro do proxecto de informatización da biblioteca levado a cabo grazas ao PLAMBE aplicado no centro, co espazo TIC da biblioteca, un espazo dotado con equipos informáticos desde o que o alumnado poderá acceder, a diversos contidos virtuais relacionados coa biblioteca, facilitando o acceso do alumnado ás novas tecnoloxías, especialmente a internet, posibilitándolles unha aproximación dirixida e controlada.

Entre as propostas a traballar están as seguintes:

- Navegación por páxinas seguras.
- Como buscar e obter información.
- Acceder aos fondos documentais e contidos da biblioteca escolar.
- Ser capaz de publicar nun "blogue" (o "blogue" da biblioteca).

## 23. PLAN LECTOR DE CENTRO

O Plan lector de centro pretende acadar os seguintes obxectivos:

- Incorporar un tempo diario de lectura e práctica da oratoria nas distintas áreas.
- Realizar unha actividade sistemática de animación e práctica da lectura en todos os contidos traballados na labor docente.
- Programar un horario de uso da biblioteca por parte de todas as clases, sistematizando o empréstimo de libros e controlando a súa lectura e comprensión.



- Acercar a experiencia creadora da escritura a través de encontros con autores, coñecendo a súa obra e as súas experiencias.
- Seleccionar e presentar diversos títulos con temáticas relacionadas coas distintas celebracións que están presentes na programación anual de actividades.
- Sistematizar e xeneralizar actuacións tendentes a mellorar o hábito e o dominio da lectura así como o da comunicación.
- Dinamizar o uso da biblioteca para facilitar a aproximación á literatura a través da realización de diversas actividades :
  - Representación de textos:
    - ❖ Contacontos.
    - ❖ Dramatizacións.
  - Creación de materiais en distintos formatos (banda deseñada, ilustracións, vídeo, audiolibro) baseados nos textos traballados.
  - Creación de novos textos a partir de historias xa escritas.
  - Recollida de relatos, contos, refráns e demais mostras do folclore popular, a través das achegas realizadas polas familias.
  - Realización de buscas de información a través de xogos de investigación sobre contidos traballados nas aulas.

A concreción destes obxectivos recóllese no Plan anual de lectura do centro recollido no *Anexo VIII*.